

Resolución 29 de outubro de 2024 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca o programa educativo “EduReferentes” dirixido a centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso 2024/25

A Ley Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Ley Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, en relación co fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, establece na súa disposición adicional vixésimo quinta as actuacións que os centros educativos sostidos parcial ou totalmente con fondos públicos realizarán co fin de favorecer a igualdade de dereitos e oportunidades, así como as medidas que permitan desenvolver o principio de coeducación en todas as etapas educativas, de conformidade co disposto pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

A Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, estipula no seu artigo 3 que as normas sobre convivencia nos centros docentes oriéntanse, entre outros fins, á educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar dispón que todos os membros da comunidade educativa son axentes responsables da convivencia escolar nos termos establecidos neste decreto, e velarán pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Deste xeito, o compromiso coa mellora do clima de convivencia, constitúe unha das liñas prioritarias da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Nos



últimos anos desenvolvéronse actuacións planificadas nesta materia e constitúen os fundamentos, entre outros, da actual Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025 "Educonvives 2025".

Un dos principios que sustentan a Estratexia é a coeducación como estilo educativo que implica educar no respecto e na promoción dos dereitos e as liberdades fundamentais, na consecución efectiva da igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas en función da súa condición sexual.

O Programa educativo EduReferentes impulsado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional pretende achegar ás aulas testemuños de mulleres galegas referentes que destacan pola súa traxectoria profesional de éxito en ámbitos con reducida representación feminina e fomentar así de forma transversal a igualdade.

De acordo co anteriormente exposto esta Dirección Xeral,

RESOLVE

Primeiro. Obxecto

Esta resolución ten como obxecto regular o programa EduReferentes e establecer as bases de participación dos centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional durante o curso escolar 2024/25.

Segundo. Obxectivo xeral

Facilitar a orientación vocacional do alumnado dende idades temperás a través do coñecemento de referentes femininos co fin de favorecer a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.



Terceiro. Obxectivos específicos

- Achegar ás aulas a mulleres referentes en distintos ámbitos para unha orientación vocacional libre de estereotipos de xénero.
- Poñer en valor o traballo do colectivo de mulleres da comunidade galega fomentando de xeito transversal a igualdade.
- Potenciar as habilidades persoais do alumnado a través de mentorías individualizadas por parte de mulleres referentes galegas.
- Desenvolver a educación emocional e a creatividade dende a óptica de mulleres expertas no ámbito educativo e do desenvolvemento de habilidades sociais.
- Dar a coñecer os distintos campos vocacionais ao alumnado.

Cuarto. Alumnado destinatario

Esta convocatoria vai dirixida ao alumnado de educación secundaria obrigatoria e ciclos formativos de formación profesional de grao básico dos centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Quinto. Actividades do programa

1. Sesións grupais.

Charlas de 50 minutos nas que dúas profesionais referentes galegas de diferentes sectores achegarán ao alumnado novos ámbitos profesionais que visibilizan a figura da muller en postos tradicionalmente masculinizados. Nestas sesións traballarase co alumnado os mitos sobre os diversos perfís profesionais desde unha perspectiva de xénero.

As mulleres Referentes achegarán a súa visión e experiencia desde dous ámbitos profesionais diferentes.

2. Obradoiros educativos sobre SoftSkills e creatividade.

Guiados por mulleres expertas no ámbito, de 50 minutos de duración e para un grupo de 25 alumnos/as como máximo nunha única xornada. A metodoloxía terá como base a educación



emocional con perspectiva de xénero do alumnado.

3. Mentorías individualizadas.

Os centros educativos participantes farán unha selección de 5 alumnas e/ou alumnos para ser acompañados por profesionais referentes no seu ámbito. As persoas mentoras compartirán a súa experiencia e coñecementos, apoiando ao alumnado na busca das súas fortalezas, habilidades e intereses ao longo dun máximo de 5 sesións individualizadas. (O número total de sesións acordaranse entre a persoa orientadora do centro educativo e coordinadoras do proxecto EduReferentes).

4. Clausura do proxecto.

Unha vez finalizado o programa, o alumnado mentorizado recibirá un diploma que acredite a súa participación que, de ser o caso, poderá entregarse nun acto público.

Sexto. Proceso e prazo de solicitude

As solicitudes enviaranse ao enderezo electrónico orientacion.vocacional@edu.xunta.gal co seguinte asunto: Solicitude EduReferentes 2024/25.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais contados a partir da publicación desta convocatoria en <https://www.edu.xunta.gal/portal/>

Sétimo. Selección dos centros

Os centros seleccionaranse segundo a orde de entrada da solicitude no enderezo sinalado, ata un máximo de 20 centros participantes.

Oitavo. Calendario

As charlas das mulleres Referentes e os obradoiros de "Soft Skills" iniciaranse ao longo do primeiro trimestre do curso 2024/25 e as mentorías desenvolveranse entre o 2º e o 3º trimestre, concretándose as datas e horarios entre os departamentos de orientación dos centros educativos e a asociación Executivas de Galicia.



Noveno. Resolución

Unha vez rematado o proceso de selección publicárase a resolución definitiva no portal educativo da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

Contra esa resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no portal educativo desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>), segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Décimo. Información Básica sobre protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas



interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

